



## **PROGRAMA ELECTORAL, MAIO DE 2015**

### **AGRICULTURA**

- Promover cursos de formación hortofrutícola ecolóxicas, tanto para desempregados como para traballadores en activo.
- Impulsar a creación de cooperativas de distribución de produtos agrícolas de produción ecolóxica.
- Favorecer o acceso e uso das terras abandonadas das persoas que inicien unha actividade na produción ecolóxica.
- Daremos soporte aos pequenos produtores que queiran comercializar os seus produtos directamente ou a través das novas canles electrónicas de distribución.
- Impulsaremos a creación de empresas de primeira transformación de produtos ecolóxicos, favorecendo espazos comúns de investigación para a creación de novos produtos.
- Apoiaremos aos emprendedores que inicien negocios relacionados coas conservas artesás e cos produtos derivados de materias primas ecolóxicas.
- Favoreceremos que os nosos produtores accedan ás feiras de produtos ecolóxicos, fomentando unha marca de produtos ecolóxicos producidos en Monforte.
- Promoveremos o consumo local de produtos ecolóxicos para favorecer que os nosos produtores amplíen os seus beneficios e que os monfortinos se beneficien do consumo de produtos ecolóxicos de calidade.
- Impulsaremos o cultivo de produtos que sirvan de base para a creación de alimentos que curan.
- Así mesmo apoiaremos aos emprendedores que promovan pequenas industrias de transformación e produción de alimentos e cosméticos con base en produtos da terra.



- Apoiaremos aos investigadores que desenvolvan proxectos que aporten valor ás explotacións existentes tanto agrícolas como gandeiras.
- Favoreceremos o acceso ós nosos produtores ás liñas de distribución de estes produtos, apoiaremos para acceder aos mercados.
- Favoreceremos a produción de produtos forraxeiros, impulsando aos actuais produtores a buscar novos cultivos que engadan máis valor a estas producións.
- Poñeremos en marcha unha experiencia piloto de cultivos enerxéticos para a produción de biocombustibles sólidos. Terá coma obxectivo analizar qué cultivo se adapta mellor para favorecer o aproveitamento da terra para este fin. Por iso, sen descartar os rebrotes de chopo (plantas menores de 5 anos), exploraremos as posibilidades das variedades autóctonas como os caxigos, os freixos, o pedrairo, o salgueiro ou foráneas como a 'Paulownia' para a produción de pellets.
- Ordenación de usos e cultivos, mellora das instalacións agrogandeiras, aproveitamento racional dos bosques.
- O impulso á industria agropecuaria de transformación de produtos agrarios.
- A protección da caza e pesca e ó tempo da paisaxe.
- A captación e promoción da formación profesional e cultural, das actividades deportivas no medio rural, recreativas e de ocio da poboación rural.
- O estímulo e o fomento das cooperativas e demais modalidades asociativas agrarias.
- Coas axudas de Medio Rural e da Deputación planificaremos as intervencións nos camiños e estradas de titularidade municipal creando un calendario de actuacións que responda a criterios obxectivos.



- Crearemos medidas de apoio á xuventude rural, fomentando a busca e o desenvolvemento de novas oportunidades que poidan aproveitar os novos emprendedores que se asenten no rural.
- Apoiaremos a modernización das explotacións e a incorporación dos mozos, creando incentivos adaptados ás súas necesidades e acompañándoos na súa implantación.
- Apoiaremos ao comercio e á actividade artesá nas parroquias, apoiándoos na busca de canles de comercialización e distribución.
- Favoreceremos a creación de microempresas do sector primario.
- Máxima prioridade aos emprendedores que presenten proxectos empresariais en sectores da recuperación e a reciclaxe, a agricultura ecolóxica, o ecoturismo, o cultivo e a elaboración produtos ecolóxicos e dos alimentos que curan ou aqueles que fomenten a biodiversidade.
- Máxima cobertura no rural e implantación das redes 4G. Reduciremos a brecha existente entre as parroquias e algúns barrios con outras zonas da cidade.
- Crearemos programas de asesoramento específico para mulleres do rural, implantaremos a figura da Titora rural que facilitará o acceso das mulleres a programas para mellorar a eficiencia das explotacións agrícolas gandeiras forestais ou dos pequenos talleres de transformación dos produtos locais, ecolóxicos ou artesáns.
- Apoiaremos a creación de servizos de coidado de maiores e menores no rural e nos barrios, fundamentalmente aproveitando novas cooperativas de traballo asociado.
- Dentro deste ámbito aproveitaremos para crear polígonos de terra para poñer a disposición dos emprendedores do rural, onde, ben co seu criterio, ben titorados por un sistema de asesoramento por definir, poñerán en marcha os seus proxectos de maneira experimental, iniciando a súa andadura,



compartindo custos e servizos e tendo o apoio da administración.

- Así mesmo aproveitaremos o compromiso do Goberno galego para poñer en valor un dos grandes patrimonios do país, o sector forestal, grazas á posta en marcha da primeira Lei de Montes da historia da Autonomía, co obxectivo de potenciar a riqueza forestal e á aposta por un rural máis ordenado coa Lei de mobilidade de Terras e coa Lei do solo.
- Implementaremos accións para promover o orgullo polo rural entre os mais novos. Unha opción será a implantación nos colexios de actividades que fomenten o coñecemento do medio rural e as experiencias agroforestais, durante todo o ano e non só o día da árbore.
- Monforte non se pode permitir ter desaproveitados os seus montes, favoreceremos a ordenación forestal e o aproveitamento da madeira, fomentando tamén as explotacións baseadas nos recursos do bosque, castañas, noces, setas, trufas, etc.



## **INDUSTRIA E COMERCIO**

- ✓ Bonificación do 95% na licenza de obra aos emprendedores que se establezan no polígono do Reboredo.
- ✓ Ampliación das axudas e bonificacións que leven a cabo outras administracións para adquirir chan no porto seco dun 10%.
- ✓ En colaboración con outras administracións, melloraremos as infraestruturas do Polígono do Reboredo, facendo especial fincapé na mellora dos espazos urbanos, dándolle unha imaxe nova, moderna e máis dinámica.
- ✓ Colaboraremos cos empresarios para dinamizar a asociación de empresarios do Polígono promovendo a creación de espazos comúns, así como para completar as infraestruturas físicas e tecnolóxicas que os empresarios poden compartir para favorecer maior eficacia na súa xestión. Intentaremos dotar ao polígono de un local para desenvolver actividades conxuntas.
- ✓ Forzaremos a mellora das infraestruturas de acceso a internet do polígono, tanto mellorando a cobertura e a competencia entre as empresas de servizos telefónicos móbiles, como aumentando as capacidades da rede de fibra óptica.
- ✓ Proporemos a construción dun acceso directo á N120, á altura do enlace coa vía de alta capacidade, facilitando o acceso ás vías principais de comunicación da cidade e favorecendo a interconexión co Porto Seco a través dos enlaces que executa a Xunta.
- ✓ Ampliaremos o esforzo que fai a Xunta a través da plataformas empresariais no exterior de Galicia para promocionar o Porto Seco e as posibilidades loxísticas de Monforte. Situaremos un posto propio nas maiores feiras loxísticas internacionais que nos



sexa economicamente posible. Como obxectivo inicial marcarémonos participar en Roira 2016 Kielce (Feria transporte por carretera en Polonia) e en Logimat 2015 Stuttgart.

- ✓ Fomentaremos as misións empresariais inversas, é dicir, traeremos empresarios a Monforte que teñan capacidade tanto para investir nas nosas empresas como para crear novas que favorezan o desenvolvemento económico e social da cidade. Así mesmo, fomentaremos e facilitaremos a participación de empresarios monfortinos nas misións empresariais tanto nacionais como autonómicas.
- ✓ Promoveremos o aproveitamento do chan adquirido pola Deputación de Lugo no Polígono do Reboredo, dende o primeiro momento, como chan rústico, e impulsaremos a súa cualificación como chan industrial para, nun prazo razoable, urbanizalo e anexalo ao P.I. do Reboredo.
- ✓ Apoiaremos aos empresarios da Vide e Castelo, poñendo ao seu servizo as ferramentas municipais necesarias para colaborar con eles e apoialos nas satisfacción das súas necesidades.
- ✓ Simplificación dos trámites administrativos para a creación de empresas. Fiestra única de apoio ao emprendedor.
- ✓ Bonificacións no IBI aos comerciantes que actualicen e reabiliten os seus espazos comerciais.
- ✓ Favoreceremos de maneira decidida o autoemprego, para crear en Monforte un espírito emprendedor e unha cultura empresarial, actuando en tódolos niveis, dende a escola ata a busca de financiación no entorno (cultura do mecenado).



- ✓ Facilitaremos a convocatoria de eventos de redes empresariais, crearemos experiencias de rehabilitación dos barrios mediante proxectos empresariais.
- ✓ Favoreceremos a creación de plataformas que posibiliten a internacionalización do pequeno comercio e das pequenas e medianas empresas radicadas no municipio, buscando eliminar a competencia local e favorecendo que compitan en mercados globalizados.
- ✓ Crearemos medidas específicas para favorecer e garantir a sustentabilidade dos negocios familiares, favorecéndolles o acceso á financiación. Dinamizaremos a herdanza comercial.
- ✓ Desenvolveremos accións para poñer en valor o comercio tradicional e promoveremos a transformación e a comercialización de produtos autóctonos.
- ✓ Favoreceremos a especialización dos actores do turismo local, fomentando o turismo experiencial relacionado coa cultura, coa gastronomía ou co deporte e o estilo de vida saudable.
- ✓ Ampliaremos o vínculo entre concello e centros de formación, escolas e universidades, orientando especialmente a formación laboral en coordinación coas demais administracións.
- ✓ Impulso ao cooperativismo e á economía social.
- ✓ Propoñeremos ao Concello de A Pobra e ao de Pantón a redacción do proxecto do Obradoiro de Emprego "camiño de inverno a Santiago" que permita aos participantes formarse en aptitudes de traballos relacionados co medio ambiente e, ao tempo, rehabilitar as infraestruturas necesarias para poñer en valor o Camiño.



- ✓ Deseñaremos medidas específicas de emprego para os maiores de 45 anos, apoiándoos para mellorar a súa empregabilidade a través da formación, da contratación e do emprendemento





## TURISMO

- Celebración do IV centenario da publicación do Quixote escrita grazas ao mecenado do Conde de Lemos a quen está dedicada.
- Construiremos na área recreativa de Ribasaltas unha praia fluvial con zona de baño, con tódolos servizos necesarios (tanto sanitarios coma para deportes de praia). Conseguiremos nun prazo razoable unha praia fluvial con bandeira azul.
- Fomentaremos a creación de rutas guiadas polas riquezas do Concello con arranxo ás seguintes temáticas (que serán consensuadas cos sectores sociais da cidade):
  - o Rutas culturais baseadas na vida dos distintos Ccondes de Lemos.
  - o A ruta do VII Conde de Lemos no seu regreso de Nápoles ten que ser o referente cultural do turismo en Monforte. A revitalización e recuperación de esta figura histórica servirá para atraer turismo de calidade a unha ruta cultural que percorra os principais escenarios da cidade, recibindo, en todo momento a información máis pormenorizada das riquezas que van a descubrir:
    - A orixe da cidade, con escenario no Mosteiro Beneditino, no Palacio Condal e na igrexa de San Vicente, o visitante descubrirá a orixe da cidade de Monforte, rebuscando dende o paleolítico ata a fundación da cidade que se recolle na "*carta puebla*", ou no pasado romano do Castro Dactonio.
    - O seguinte enclave ten coma escenario a época Monacal de Monforte, onde o visitante coñecerá os múltiples vestixios dos mosteiros que foron o xerme da cidade, o de San Xacinto (na actual Régoa) o de San Antonio, o das Clarisas, os Escolapios, e o de Sancti Spiriti que foi hospital de peregrinos, o que certifica o noso pasado peregrino.



POPULARES  
Monforte de Lemos

- Outra ruta cultural de Monforte débese encamiñar, atravesando o novo paseo do Cabe que debéramos chamar do Posílipo, cara O Bosque de Piñeira, onde aínda quedan vestixios do que fora o Bosque da Condesa, Xardín Medieval no que os Condes de Lemos tiñan un lugar de lecer.
  - De camiño de volta, os viaxeiros deteríanse na capela de San Lázaro, para coñecer a historia dramática de este antigo lazareto.
  - A visita remataría na explanada dos Escolapios, onde os viaxeiros coñecerían a súa historia dende un punto de vista arquitectónico.
- Fomentaremos a creación de rutas guiadas polas riquezas do Concello con arranxo ás seguintes temáticas (que serán consensuadas cos sectores sociais da cidade):
    - Poñeremos en valor os nosos mellores escenarios: o Castelo de San Vicente, o Museo de Arte Sacro das Clarisas ou a Pinacoteca dos Escolapios para tratar de crear unha visita teatralizada a algunha destas ubicacións; buscaremos a colaboración dos historiadores monfortinos para ofrecerlle ao viaxeiro unha experiencia única imbuíndose na nosa historia medieval.
    - En colaboración coa Fundación dos Ferrocarrís de Galicia ampliaremos a oferta experiencial do Museo do Ferrocarril, posibilitando que os seus visitantes revivan o espírito ferroviario de Monforte, mellorando o discurso expositivo de este museo.
    - A experiencia ornitolóxica. Aproveitaremos os innumerables espazos húmidos de Monforte, nos que numerosas aves migratorias fan escala, para crear diversos roteiros de observación de aves e darémolas a coñecer. Promoveremos a conservación do Lugar de Interese Comunitario "Río Cabe".



- Propiciaremos a posta en marcha de rutas oficiais de sendeirismo, namentres fomentaremos a apertura de rutas cicloturistas e sendeiristas para favorecer tanto aos visitantes que buscan este tipo de turismo coma aos monfortinos que queiran desfrutar das súas paisaxes e, ao tempo, poñer medioambientalmente en valor espazos actualmente abandonados.
  - A Ruta do Camiño de Inverno ao seu paso por Monforte debe ser posta en valor e adecuadamente promocionada dentro da cidade.
  - Crearemos a ruta do Románico de Monforte no que as igrexas e os enclaves históricos das parroquias serán obxecto de estudo.
  - Recuperarase a área de As Lamas con fins deportivos e de ocio.
  - Impulsaremos a preservación e posta en valor das árbores senlleiras do Val de Lemos como unha aposta non só turística, senón tamén medioambiental.
- Cada mes unha festa para atraer turismo de fin de semana, desestacionalizando a oferta e favorecendo aos establecementos turísticos.
  - O San Mateo festa de interese turístico Galego.
  - O martes de Pascua festa da monfortinidade.
  - Impulso para recuperar a movida monfortina.
  - Novo formato para a festa da empanada como produto emblema de Monforte.
  - O mes do ferrocarril.
  - Fomento de un produto específico de Monforte para pedir nos nosos restaurantes.
  - Creación dunha festa gastronómica nocturna.
- Un tren turístico para favorecer a mobilidade dos que nos visitan e descentralizar o turismo.



- Unha nova ruta do románico Monfortino, dando a coñecer as igrexas de A Penela, Ribasaltas e Baamorto.
- Vilanova porta do LIC do Cabe.
  - o Creación de a lo menos unha ruta oficial de sendeirismo (a ruta do Wolframio).
  - o Mellora das rutas de sendeirismo no entorno do Cabe, dende Distríz ata A Parte.
  - o Visitas guiadas a puntos de observación ornitolóxica.



## URBANISMO

- ✓ Favoreceremos a declaración de zona ARI para todo o recinto histórico así coma para a zona de Carude. Os veciños da rúa Comercio, Cardeal, Compañía, Praza Dr. Goyanes, Dr. Casares, Clarisas, Abeledos, Santa Clara, Campo de San Antonio, Carude, Rúa da Estrela, etc... poderán optar a axudas estatais e autonómicas para rehabilitación.
- ✓ Buscaremos a posibilidade de declarar algunha Area de Rehabilitación Integral nalgunha parroquia que cumpra as condicións necesarias para facelo.
- ✓ Novas áreas de aparcamento na cidade:
  - o O espazo interior na mazá formada por la rúa Cardeal, Doctor Teijeiro, Inés de Castro, Roberto Baamonde e Avenida de Galicia.
  - o No espazo interior entre a rúa Sarria, avenida de Galicia, rúa do Conde e Compañía.
  - o No espazo interior entre a rúa Castelao, Reboredo, Escultor Francisco Moure e Paseo de Lugo.
  - o Na rúa Cobas
  - o En Calle Corredoira e no entorno do hospital
- ✓ Mellora do transporte urbano.
- ✓ Favoreceremos medidas para a mobilidade no transporte público, ademais de aos maiores, ás persoas con discapacidade, dependencia, familias numerosas, xente nova e persoas en risco de exclusión social.
- ✓ Potenciaremos o urbanismo responsable e, sobre todo, consensuado cos monfortinos.



- ✓ A intervención urbanística do concello converterase nun factor de equilibrio e desenvolvemento económico e social. Fomentaremos a rehabilitación en rúas singulares do concello (Carude, a Estrella, Ramberde, Abeledos), a fin de favorecer a boa imaxe e o seu aproveitamento turístico.
- ✓ Atenderemos aos barrios especialmente degradados polo abandono de vivendas. Impulsando actuacións dirixidas á súa recuperación. Bonificación dos proxectos de rehabilitación.
- ✓ Simplificaremos e axilizaremos a tramitación administrativa dos procesos de rehabilitación. Fomentaremos a colaboración da iniciativa privada para que contribúa á rexeneración do entorno urbano.
- ✓ Facilitando melloras no parque de vivendas incentivaremos a vivenda de aluguer e o mercado inmobiliario en xeral, facendo do concello un instrumento de axuda á cohesión social, facilitándolle o seu acceso a colectivos desfavorecidos ou con necesidades especiais.
- ✓ Impulsaremos o despregamento de novas infraestruturas tecnolóxicas que permitan o desenvolvemento de aplicacións e servizos fixos e móbiles.
- ✓ É imprescindible promover melloras no rendemento e aproveitamento das infraestruturas locais, favorecendo que o concello non teña desaproveitados espazos municipais.
- ✓ Poñeremos en marcha programas de eliminación de barreiras arquitectónicas e colaboraremos coas outras administracións para favorecer a accesibilidade das vivendas máis antigas.



- ✓ Mellorar as infraestruturas viarias, de abastecemento e de saneamento de auga, xestión de residuos, equipamento e servizos comunitarios.



## **ATENCIÓN ÁS PERSOAS**

- ✓ Todo o noso apoio ao dependente pero, dende o Concello, especial apoio ao cuidador no entorno familiar
- ✓ Elaboraremos un plan para a atención e promoción das persoas con minusvalías en colaboración cos colectivos implicados para a súa integración global.
- ✓ Comprometemos programas específicos de apoio aos cuidadores das persoas en situación de dependencia, que son quen sofre en silencio a dor física e psicolóxica de anos de cuidados e atencións aos que ao fin son as persoas ás que máis queren.
- ✓ Centrarémonos en informar, orientar e ofrecer formación e apoio aos familiares ou responsables do seu cuidado favorecendo os programas de respiro familiar.
- ✓ Impulsaremos as actividades físicas e mentais que fomenten o envellecemento activo e saudable.
- ✓ Favoreceremos un achegamento e atención maior aos veciños e veciñas das parroquias mediante visitas periódicas e un programa de charlas sobre cuidados ou outros temas de interese, como a prevención e afectación do alzhéimer, entre outros.
- ✓ É imprescindible a colaboración de tódalas administracións para favorecer a detección precoz da enfermidade de alzhéimer e, ao tempo, apoiar ao paciente e, especialmente á súa familia, para afrontar esta situación traballando, todos xuntos, por retrasar a enfermidade.
- ✓ Entre todos erradicaremos a violencia de xénero. Impulsaremos medidas destinadas a detectar situacións de desamparo por





violencia de xénero ou familiar e programas de igualdade de oportunidades dirixidos aos máis novos.

- ✓ Prestaremos especial atención ás familias monoparentais, poñendo en marcha medidas específicas consensuadas tanto para este colectivo como para as familias numerosas.
- ✓ Propoñemos medidas para aprazar o pagamento de recibos municipais ás familias que se encontran en situación de precariedade económica ata que mellore a súa situación.
- ✓ Comprometémonos a crear unha liña específica de bolsas comedor nos centros concertados e de acceso produtos que garantan a alimentación equilibrada dos nenos e nenas que poidan verse afectados por situacións de exclusión social.
- ✓ En xeral, fomentaremos a presenza dos produtos ecolóxicos na cesta da compra dos nosos colexios.
- ✓ Melloraremos os mecanismos de detección das situacións de desamparo, ben por efectos da crise, por violencia de xénero ou familiar, prestando especial atención aos menores vulnerables, favorecendo a mediación como ferramenta para evitar o sufrimento destas persoas.
- ✓ Poñeremos en marcha programas municipais de educación complementaria para fomentar a igualdade de oportunidades, e entre homes e mulleres.
- ✓ Incentivaremos a incorporación da xuventude especialmente ao mundo profesional fomentando o asociacionismo e o voluntariado xuvenil.
- ✓ Poñeremos en marcha actuacións singulares e campañas públicas de creación cultural das persoas con discapacidade e dos maiores, favorecendo a divulgación das súas actividades.
- ✓ Favoreceremos o acollemento da inmigración legal, ordenada e vinculada ao emprego.



- ✓ Favoreceremos dende o municipio as campañas para a prevención de enfermidades e a promoción de hábitos de vida saudables.
- ✓ Incrementaremos o gasto social do Concello por persoa



## **TRANSPARENCIA**

- ✓ Estableceremos a obriga aos Concelleiros con funcións de goberno de presentar declaración de bens á entrada e á saída do seu cargo.
- ✓ Facilitaremos o acceso de tódolos monfortinos aos datos que máis lles interesan, as subvencións, os procedementos de contratación, o custe dos servizos que reciben, os fondos recibidos doutras administración, as retribucións.
- ✓ Estableceremos indicadores de calidade e custos dos servizos públicos para mellorar a súa xestión e garantir o seu aproveitamento óptimo.
- ✓ Favoreceremos as medidas encamiñadas ao mantemento da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da administración local.
- ✓ Faremos posible que os novos e renovados servizos públicos que necesitan os monfortinos utilicen plataformas dixitais que multipliquen a eficiencia, optimicen recursos e promovan a xestión intelixente da cidade.
- ✓ Política estrita de non gastar máis do que se ingresa, pagar o que se debe en tempo e forma, sustentabilidade financeira dos servizos públicos, máxima transparencia económica e fomento da administración electrónica.
- ✓ Atenderemos a eliminar a morosidade da administración local, promovendo políticas de racionalización do gasto conforme a criterios de eficacia, eficiencia e calidade.
- ✓ Simplificaremos e flexibilizaremos os procedementos administrativos, mellorando o acceso das empresas pequenas e



medianas con domicilio fiscal en Monforte aos contratos públicos.

- ✓ Simplificación dos trámites administrativos para a creación de empresas. Fiestra única de apoio ao emprendedor.
- ✓ Apoiaremos aos nosos funcionarios na súa mellora curricular para garantir que a atención óptima que xa prestan sexa máis eficaz e estea máis recoñecida.
- ✓ Controlaremos especialmente os gastos dos responsables municipais.
- ✓ Defenderemos a independencia e a profesionalidade dos funcionarios municipais dentro dunha administración comprometida coa transparencia.
- ✓ Estableceremos a proximidade, o entendemento e a comprensión cara as persoas como emblema do grupo de goberno, actuando con exemplaridade e transparencia, rendendo contas periodicamente do resultado das nosas actuacións.



**Sen esquecermos de:**

Buscaremos novo emprazamento para o centro de día e recuperaremos os servizos suprimidos no centro da terceira idade

En colaboración con outras administracións, buscaremos solucións para os problemas de saneamento e depuración do Concello

Impulsaremos as grandes infraestruturas pendentes para cumprir a débeda con Monforte (A76, vía rápida a Lugo, mellora das velocidades e frecuencias das liñas ferroviarias favorecendo os enlaces co AVE

Impulsaremos os cultivos de biomasa forestal mediante experiencias piloto con especies autóctonas

Melloraremos a área de estacionamento de autocaravanas buscándolle unha ubicación máis adecuada

Apoiaremos a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade

Xestionaremos coas administracións responsables a mellora e urbanización das rúas de entrada á cidade

Rebaixaremos a taxa do cemiterio que o BNG incrementou nun 300%  
Renovaremos o alumeadado público para rescatar a Monforte da escuridade

Habilitaremos novas bolsas de aparcamento próximas ao centro da cidade



Aplicaremos unha redución do 90% da taxa de uso de instalacións ás entidades deportivas federadas

Desenvolveremos un plan de emprego que xere 500 postos de traballo en catro anos

A Fábrica da Luz de Vilanova será o punto de partida das iniciativas de turismo experiencial verde, con tres rutas de turismo medioambiental

Aprazaremos o pago de recibos municipais ás familias en precariedade económica ata que mellore a súa situación

Traballaremos na restauración da Muralla na contorna de San Vicente

Crearemos unha praia fluvial con zona de baño en Ribasaltas

Planificaremos unha serie de actos e accións que promovan o legado do VII Conde de Lemos como un recurso que merece ser posto en valor de xeito local, nacional e internacional

Faremos unha xestión directa dos mercados temáticos que permita ao Concello un aforro anual de 70.000 euros

Comprometemos unha bonificación do 95% na licenza de obra para os emprendedores que se establezan no polígono de O Reboredo. Ampliaremos nun 10% as axudas e bonificacións que leven a cabo outras administración para adquirir chan no porto seco

Proporemos a construción dun acceso directo á N120, á altura do enlace coa vía de alta capacidade, facilitando o acceso ás vías principais de comunicación da cidade e favorecendo a interconexión co Porto Seco a través dos enlaces que executa a Xunta



Cumpriremos e faremos cumprir o contrato de recollida de lixo  
Garantiremos o futuro da piscina municipal

Melloraremos a xestión municipal, reduciremos trámites burocráticos e informaremos sobre as subvencións a empresas, profesionais e colectivos

Recuperaremos as festas tradicionais de Monforte e apostaremos pola súa posta en valor

Celebraremos unha I festa gastronómica nocturna das sopas de allo  
Impulsaremos a creación de cooperativas de distribución de produtos agrícolas

Favoreceremos o acceso ao uso das terras abandonadas por parte das persoas que inicien unha actividade agraria

Coas axudas de Medio Rural e da Deputación planificaremos as intervencións nos camiños e estradas de titularidade municipal creando un calendario de actuacións que responda a criterios obxectivos

Ordenaremos bonificacións no IBI aos comerciantes que actualicen e rehabiliten os seus espazos comerciais.

Propoñeremos aos concellos limítrofes interesados a redacción do proxecto do Obradoiro de Emprego "Camiño de Inverno a Santiago"

Fomentaremos a creación de itinerarios e rutas guiadas que poñan en valor o patrimonio cultural e natural do Concello

Propiciaremos a posta en marcha de rutas oficiais de sendeirismo e fomentaremos a apertura de rutas cicloturistas e sendeiristas



Organizaremos unha festa cada mes para atraer turismo de fin de semana, desestacionalizando a oferta e favorecendo aos establecementos turísticos

Poremos en marcha un tren turístico para favorecer a mobilidade dos que nos visitan

Favoreceremos a declaración de zona ARI para todo o recinto histórico

Buscaremos a posibilidade de declarar algunha Área de Rehabilitación Integral nalgunha parroquia que cumpra as condicións necesarias para facelo.

Melloraremos o transporte urbano

Potenciaremos o urbanismo responsable e, sobre todo, consensuado cos monfortinos

Atenderemos aos barrios especialmente degradados polo abandono de vivendas impulsando actuacións dirixidas á súa recuperación. Bonificaremos os proxectos de rehabilitación

Poremos en marcha programas de eliminación de barreiras arquitectónicas e colaboraremos coas outras administracións para favorecer a accesibilidade das vivendas máis antigas

Adoptaremos medidas que contribúan á integración social e laboral das persoas con discapacidade





Melloraremos as infraestruturas viarias, de abastecemento e de saneamento de auga, xestión de residuos, equipamento e servizos comunitarios

Comprometemos programas específicos de apoio aos cuidadores das persoas en situación de dependencia

Impulsaremos as actividades físicas e mentais que fomenten o envellecemento activo e saudable

Favoreceremos un achegamento e atención maior aos veciños e veciñas das parroquias mediante visitas periódicas e un programa de charlas sobre cuidados ou outros temas de interese, como a prevención e afectación do alzhéimer, entre outros

Favoreceremos o acollemento da inmigración legal, ordenada e vinculada ao emprego

Incrementaremos o gasto social do Concello por persoa

Estableceremos a obriga aos Concelleiros con funcións de goberno de presentar declaración de bens á entrada e á saída do seu cargo

Implantaremos unha política estrita de non gastar máis do que se ingresa e pagar o que se debe en tempo e forma

Simplificaremos e flexibilizaremos os procedementos administrativos, mellorando o acceso e reducindo a burocracia para as pequenas e medianas empresas

Crearemos un rexistro de empresas e profesionais monfortinos para facilitar que presten servizos ao Concello nos contratos municipais  
Habilitaremos un carril bici de Villanueva a Ribasaltas.



Promoveremos o uso da bicicleta como medio de transporte alternativo no entorno urbano

Recuperaremos a área de As Lamas para uso deportivo e de ocio  
Aumentaremos as prazas de gardería municipal

Eliminaremos o gasto de empresas externas naqueles servizos que poidan ser prestados con recursos propios ou por outras administración de maneira gratuíta